

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN PARA INSTAR AO GOBERNO Á CONTINUIDADE DOS LOCAIS DE ENSAIO

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción para instar ao goberno á continuidade dos locais de ensaio.

Exposición de motivos

Dende o ano 2008, a nosa cidade conta cun espazo municipal para os músicos e músicas da nosa cidade, os locais de ensaio. Estas instalacións son utilizadas de xeito habitual por máis de 100 persoas coma espazo creativo e de impulso a cultura da nosa cidade. Fai un ano, e por primeira vez, este servizo municipal estivo a piques de desaparecer, pois foron pechados a causa da pandemia e no momento no que as medidas da Covid permitiron a súa reapertura non existía o contrato mediante o cal prestábase o servizo. Unha cuestión que motivou, non só este mesmo debate no Pleno de fai un ano, se non sendas mobilizacións dos propios usuarios e usuarias.

A día de hoxe, os locais de ensaio volven a estar na mesma situación, en perigo de desaparición. O contrato menor que o goberno local realizou fai un ano, a modo parche, remata este decembro e a licitación definitiva do servizo está moi lonxe de ser efectiva, o que aboca aos locais de ensaio a pechar de novo se non se busca unha solución inmediata.

Ademais do problema da falta de contrato, parece que será unha realidade o derrubo da nave anexa ao mercado da Magdalena e a súa posterior transformación nun espazo de

lecer, cuestión que afecta directamente aos locais de ensaio e que o goberno local debe abordar con eles/as buscando unha reubicación para este servizo. Por sorte, a nosa cidade conta con diferentes espazos municipais que poderían albergar perfectamente este servizo, sempre e cando se acondicionen de xeito adecuado, por exemplo, o centro comercial de PortaNova ou os locais baleiros do Mercado de Caranza.

Polo momento, non hai previsión de contrato menor, non hai diálogo cos locais de ensaio e non hai unha proposta de reubicación destes espazos, razóns máis que suficientes para pensar que o goberno local ten a intención de fulminar estes espazos públicos culturais.

Este gran erro de xestión do goberno local provoca a presentación desta moción e volver a vernos na mesma situación que fai un ano, cun servizo público a piques de pechar pola falta de compromiso e de planificación deste goberno.

Ferrol en Común insiste na necesidade dunha solución urxente, xa que non toleraremos o peche dun servizo público coma son os locais de ensaio, por todo isto, sometemos a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. Realización dun contrato menor urxente que manteña abertos os locais de ensaio, coma servizo municipal que son, mentres non estea finalizado o prego definitivo.
2. Axilización do prego definitivo do servizo dos locais de ensaio, para que estea rematado antes do final deste mandato.
3. Reubicación dos locais de ensaio de xeito urxente, motivado polo derrubo da nave provisional do mercado da Magdalena, buscando un espazo adecuado e acondicionado para este servizo.

Ferrol, 18 de novembro de 2022

Jorge Suárez Fernández
Voceiro do GM Ferrol en Común